


# T RĒGOLA

INSTITUTO SANTA IRENE. MAIO 2010. Nº 20 - ALUMN@S 1€ - PROFES 2€



**Espacio do Lector, S.L.**

C.I.F.: B36164820

Avda. Gran Vía, 184

36211 - Vigo (Pontevedra)

Tlf. / Fax: 986 231 892

E-mail: [granvia@libreriasnobel.es](mailto:granvia@libreriasnobel.es)

Web: [www.libreriasnobel.es](http://www.libreriasnobel.es)

Luís Hermida Cambeiro

**AUTO-ESCUELA  
DE LUIS**

DARÍO DURÁN, 16  
(Florida)

Tel.: 986 239 887

*Visítanos sin Compromiso*

**AUTO-ESCUELA**



LUIS KSADO, 15  
(Miñoca - Coia)

Tel.: 986 243 865

**AUTO-ESCUELA**



C/ Teixugueiras, N° 13  
(Navia)


Tel.: 886 116 973

Un ano máis, e xa son catro lustros, a revista *Trégola* do instituto de ensino secundario Santa Irene sae á rúa para mostrar o sentir e as opinións dos alumnos do centro. O ano 2010 deparounos tanto a continuación do ataque popular contra a nosa lingua como a incoherente situación financeira do noso país co Habemus caixa? Sen esquecer o futuro incerto que lle deparará aos estudantes co novo plan, todo isto é tema de análise na nosa revista.

Neste curso tamén participou o instituto do movemento olímpico e dunha viaxe das que fican moitas anécdotas: a dos alumnos de cuarto a Barcelona. Mesmo haberá espazo nestas páxinas para o recordo, e poderedes ler algúns clásicos coma as citas célebres e peculiaridades dos profesores máis buscados ou as creacións literarias gañadoras do certame de creación das letras galegas, dedicadas este ano a Uxío Novoneyra.

As seguintes follas son nosas, dos que formamos o Santa Irene, gozádeas porque falan sobre o que nos interesa, o que coñecemos e o que compartimos. Facédeo porque os que vemos como o latir da torre nos acerca aos últimos días polos seus corredores, empezamos xa a botalo de menos. Nada máis, sumerxédevos neste *Trégola*, e create a seguinte!

*Trégola*



## TRÉGOLA SOMOS

Adriana Arbizu	4º ESO A
Alejandro Comesaña	2º Bach C
Amara Pérez	1º Bach C
Estefanía Pereira	4º ESO B
Iago Martínez	2º Bach A
Lucía Álvarez	4º ESO A
Marta Fernández	1º Bach D
Mercedes Martínez	4º ESO A
Sara Graña	2º Bach E
Suso Conde	2º Bach B
Uxía Alonso	4º ESO C
Xavier Blanco	2º Bach B

### COLABORADORES:

Gabriel Domínguez	4º ESO C
Mateo Ramos	(Exredactor)
Sara Collazo	(Exredactora)

### PORTADA:

Adriana Arbizu

### FOTÓGRAFOS:

Alejandro Comesaña  
Bernardino Gándara  
Sara Graña

### COORDINADOR E ASESOR LINGÜÍSTICO:

Sindo Fernández

## A situación actual do galego

**P**reguntámonos como a día de hoxe pode haber xente que insista na situación de imposición do galego respecto ao castelán. Preguntámonos unha e outra vez porque o goberno actual de Galicia atenta constantemente contra a nosa lingua. Preguntámonos o porqué desta campaña de desprestixio contra o galego. E preguntámonos porque o galego segue sendo considerado unha lingua inútil.

Todas estas preguntas que nos facemos serven para resumir a situación actual que vive a nosa lingua. Unha situación de desigualdade e de discriminación, a que moitos colectivos tentan darlle a volta adquirindo posturas lexitimistas. Colectivos que se autodeterminan bilingües e que se atreven a falar da situación actual de marxinación que supostamente vive a lingua castelán en Galicia. Que falan dunha imposición do galego e dos escasos dereitos cos que contan os castelán-falantes en Galicia. Nós respondemos a isto. ¿Acaso non foi o galego a lin-

.....

**Feijóo:**

***se hai desaxustes***

***será posiblemente***

***por problemas pedagóxicos,***

***non do decreto.***

.....

gua que permaneceu durante séculos relegada a ámbitos familiares? ¿Acaso non foi sempre o galego a lingua marxinada da sociedade? ¿Acaso non somos os galegofalantes as persoas que nos vemos obrigadas



a abandonar en múltiples ocasións a nosa lingua? ¿E acaso os castelán-falantes senten algunha presión por aprender ou empregar o galego? NON.

¿Que fai o goberno de Núñez Feijóo ante esta situación? Utilizar unha política lingüística que agrede ao galego. En primeiro lugar eliminándoo da administración. Polo tanto os seus traballadores non teñen a obriga de falar galego, algo moi comprensible tratándose da administración galega.

En segundo lugar falemos da política lingüística levada a cabo no sistema educativo, que se reflicte a través do novo decreto que saíu á luz en decembro do 2009 baseado no plurilingüismo.

Segundo este decreto serán os pais, en Educación Infantil, os que decidan por maioría en cada centro o idioma vehicular dos seus fillos na aula, vertendo así a responsabilidade sobre os pais nunha materia que compete soamente ao goberno.

En Primaria e Secundaria esta consulta aos pais realizarase cada catro anos, elixindo a lingua na que os seus fillos recibirán as troncais. O resto das materias impartiranse nas outras dúas linguas de xeito que galego, castelán e inglés teñan o mesmo número de horas, un 33%. O obxectivo é acabar manexando equilibradamente as tres linguas, sen





embargo nin Feijóo nin o conselleiro de educación dan unha data exacta para que o inglés acade ese 33% e ao mesmo tempo desenténdense dos resultados argumentando que “se hai desaxustes será posiblemente por problemas pedagóxicos, non do decreto”. Unha vez máis o presidente traslada a súa responsabilidade de goberno, neste caso cara os equipos educativos.

Ademais, atopamos grandes problemas para conseguir a súa realización. O maior deles, a falta de medios para levar a cabo a aprendizaxe en inglés.



**Unha situación de desigualdade e de discriminación, a que moitos colectivos tentan darlle a volta adquirindo posturas lexitimistas.**



Desde aquí queremos felicitar a Feijóo e o conselleiro de educación por romper tanto a cabeza inventando un enrevesado decreto no que tras toda a ostentación dun suposto plurilingüismo o único obxectivo é a eliminación do galego do ensino.

A sociedade, así como diversas institucións, xa mostraron o seu descontento cara o decreto na folga do 21 de xaneiro, seguida por un 90% do colectivo escolar, e na manifestación convocada pola plataforma Queremos Galego a que acudiron unhas 60.000 persoas que lograron ategar por vez primeira a praza do Obradoiro de Santiago.

Sen embargo, Feijóo goberna sen escoitar aos galegos e galegas que lle piden frear este retroceso do idio-



## «NAS AULAS DA GALIZA EN GALEGO».



ma, e non cambiou as bases do decreto, lexislando así contra a sociedade galega e contra a normalización do galego.

Feijóo debería deixarse de tanta enquisa e escoitar a poboación, pois ten a resposta nesta concentración masiva que defendeu berrando ao unísono, “NAS AULAS DA GALIZA QUEREMOS GALEGO”.

*Amara Pérez Davila*  
1º-Bach. C



*Marta Fernández Caballero*  
1-Bach. D



## Diacronía (o que cambiou nos últimos 20 anos)

**O**s últimos 20 anos supuxeron unha gran revolución en canto á tecnoloxía potenciada en parte pola creación de microchips cada vez máis pequenos, potentes e sobretudo baratos. Este abaratamento fai progresivamente que a tecnoloxía chegue máis doadamente á nosa vida diaria, e por mor disto que progrese aínda máis, creando novos dispositivos cada vez máis potentes. Aínda que ben é certo que neste campo se produciron os cambios máis importantes e deixando atrás guerras e demais catástrofes



*Fai tan só*

*5 ou 6 anos,*

*un Pen ou*

*un MP3 de 32 MB*

*deixábanos*

*coa boca aberta...*

*¿que son 32 MB agora?...*

*¿case fan graza non?*



naturais, temos que salientar tamén importantes cambios na ciencia e na sociedade en xeral.

No marco da ciencia, xa atopamos importantes avances a comezos da década dos 90 como pode ser o Proxecto Xenoma Humano. Este proxecto de carácter internacional nado a comezos de 1990 intentará nos sucesivos anos determinar a secuencia de pares de bases que aparecen no noso ADN. Desenvolverase principalmente na década dos 90 chegando no 2001 a obter un borrador do xenoma. Finalmente en 2003 presentábase o proxecto rematado.

Seguindo na ciencia, no marco da astronomía por exemplo atopamos importantes avances. A parte de que nos deixara o noso amigo Plutón coma planeta, nos últimos 20 anos descubríronse centos de pla-

netas de corpos celestes e de novas galaxias e tamén se racadaron cantidade de fotografías e datos do sol e mais doutros corpos do sistema solar. E todo isto foi en parte como dicíamos antes, á gran revolución tecnolóxica dos últimos anos. Profundizando un pouco máis neste





.....

**O cambio climático**

**foi moi**

**notablemente acelerado**

**nestes últimos 20 anos**

**grazas á nosa**

**xenial maneira**

**de aproveitar**

**os recursos naturais**

.....

gran cambio na tecnoloxía temos que citar coma non ao internet que pasou de ser un completo descoñecido a implantarse coma un dos medios de comunicación de masas que máis influencia teñen. A parte da internet outro grande destes últimos 20 anos é sen dúbida o teléfono móbil que pasou de ser un artefacto case descoñecido que pesaba varios quilos e que ninguén tiña, a converterse en algo case indispensable do que existen hoxe en día 4.000 millóns de unidades. E que me dices dos dispositivos de almacenamento masivo coma os **PenDrives** cada vez máis e máis baratos e con máis capacidade ou sobre todo dos reprodutores de música portátiles, dende o comezo da desaparición dos walkman a mediados dos 90 e a implantación dos discman nos anos posteriores ata a gran popularidade que colleron dende os últimos 6

anos os reprodutores de MP3 (a pesar da pésima calidade do formato). É aquí, nos reprodutores MP3 e nos PenDrives, onde nos podemos dar conta da gran evolución da tecnoloxía da que estamos a falar. Hai tan só 5 ou 6 anos, un Pen ou un MP3 de 32 MB deixábanos coa boca aberta... que son 32 MB agora?... case fan graza non?

Toda esta revolución informática potenciou tamén a creación de moitas empresas neste campo e a consagración de moitas outras. Entre elas debemos citar a Google, que aproveitando o pulo da internet se converteu nos últimos dez anos nunha das empresas máis grandes e valoradas do mundo, chegando a converter ao seu principal produto en algo case esencial para navegar pola internet.

Outra empresa que se aproveitou deste progreso foi Microsoft que aínda que xa existía e era máis ou menos popular hai 20 anos, foi neste último período cando levou ao seu



.....

**«Nos últimos 20 anos**

**producíronse cambios**

**moi significativos**

**no campo da tecnoloxía»**

.....





co-creador a converterse no home máis rico do mundo ao conseguir implantar no 90% dos ordenadores o seu sistema operativo.

E non nos podemos esquecer nestes últimos anos da creación das redes sociais (Tuenti, Facebook...) que conseguiron en moi pouco tempo un éxito tremendo na sociedade.

E cambiando un pouco o marco, aínda que non imos falar aquí de catástrofes naturais dos últimos 20 anos, non nos podemos esquecer do Prestige, que tanto dano causou nas nosas costas e que aínda que pasaron xa 8 anos, segue tendo repercusión na actualidade xa que hai moitas zonas de Galicia que non están totalmente recuperadas, e que aínda lles queda.



*E non  
nos podemos esquecer  
nestes últimos anos  
da creación  
das redes sociais  
(Tuenti, Facebook...)  
que conseguiron en  
moi pouco tempo  
un éxito tremendo  
na sociedade.*



Na sociedade en xeral aínda que cambiaron moitas cousas, quizais o máis importante a nivel global que se xeneralizou nos últimos anos e que probablemente teña moitas consecuencias no futuro é o cambio climático. Aínda que é un proceso natural, foi moi notablemente acelerado nestes últimos 20 anos grazas á nosa xenial maneira de aproveitar os recursos naturais aumentando considerablemente o aumento de gases de efecto invernadoiro algo que debemos si ou si frear de cara aos próximos anos utilizando moito máis as enerxías renovábeis. Porque de seguimos así, é moi probábel que cheguemos a un punto de non retorno, conseguindo deixar para o futuro unha sociedade moi distinta á actual.

E de cara aos próximos 20 anos... Vós que cousas credes que pasarán?

Atoparemos cura para certas enfermidades,? vida extraterrestre quizais? Que cambios se producirán na ciencia é na tecnoloxía? e o que é aínda máis importante... Seguirá existindo o tuenti?

*Mateo Ramos Merino*  
(Ex-redactor)





## «O movemento olímpico»

«**S**on las 3 de la mañana y yo sin poder dormir...» así dicía Burning nunha das súas coñecidas cancións alá polos anos 80, e esa era a sensación que tiña unha noite de sábado a finais do mes de Marzo. Atopábame cun número de mozos preto da centena, en Valladolid, todos nós buscabamos o mesmo, gozar dunha experiencia que dificilmente poderíamos esquecer. Non era a primeira vez que me vía metido nunha destas, o ano pasado xa puidera comprobar co meu compañeiro de andainas o ben que o poden pasar uns cantos rapaces sen hora de chegada. Non falamos dunha viaxe de fin de curso, estamos a referirnos a unha Olimpíada Nacional de Matemáticas.

Que chasco, non? Isto que parecía que ía falar sobre festa, e vai Suso e saévos cunha olimpíada de matemáticas, vaia cambio... Mais pode que non tanto, fixédevos:

É certo que nos tres días que dura hai que facer dous exames, catro

.....

*Para explicárvolo,  
imaxinádevos  
un reality show  
sen cámaras.*

*Pois máis ou menos iso  
é unha olimpíada.*

.....

horas en total, que sen embargo compensan se as comparas co día de clase que perdes. Tamén é certo que atopas algún individuo que ao chegar á habitación e ver que a súa é o número cento non sei cantos di "Merda! Múltiplo de 13!" Pero xa está, ningunha cousa máis da que preocuparse.

Para explicárvolo, imaxinádevos un reality show sen cámaras. Pois máis ou menos iso é unha olimpíada. Primeiro, uns exames a nivel galego



fan de casting. Deste xeito, dos 300 que se presentan na fase autonómica, só 9 si que valen para a fase final: 3 ouros (como o que conseguiu Suso o ano pasado), 3 pratas, e 3 bronces (como os de Suso este ano ou o meu do ano pasado) acompañados do correspondente cheque.

Seguindo coa comparación cun reality, a fase final é o programa en si, no que estás en convivencia cuns 200 rapaces da túa idade nun hotel mellor do que mereces con todo pagado. Os exames finais fan as veces de galas, e incluso hai a mesma emoción por saber se es o gañador, e a decepción mal finxida cando comprobas que non. Pero isto pronto se esquece, porque chega a derradeira noite: O movemento olímpico.

*Xavier Blanco*  
2º Bach.-B



*Suso Conde*  
2º Bach.-B



## «Encaixan as caixas?»»

**N**on hai día no que non atopemos unha noticia ou un artigo de opinión que faga referencia á fusión das caixas galegas, este tema que abarca toda a actualidade socio-política no noso país. Pero pola contra, nós, os cidadáns, temos coñecemento algún sobre a situación actual? Somos conscientes realmente do porqué da fusión?

Para desmiuzar este porqué, dende a nosa ignorancia, temos que partir dende a base, a propia concepción das caixas. As caixas son entidades sen ánimo de lucro cuxos beneficios, unha vez destinadas as cantidades correspondentes á reservas e provisións, deben adicarse á actividades benéfico-sociais, é dicir, unha caixa é unha entidade promovida por institucións públicas con finalidade social; cando pola contra



os bancos son sociedades anónimas cun capital social. Isto lévanos a unha sinxela oposición entre unha caixa (que carece de afán de beneficios) e a banca, que non deixa de ser unha entidade privada que busca

ganancias. Pero esta é realidade que podemos apreciar na actualidade? Polo explicado, unha caixa non competiría cos bancos á hora de ofertar hipotecas ou intereses, pero a realidade é que si As caixas están ao



.....

**Unha caixa é**

**unha entidade**

**promovida**

**por institucións públicas**

**con finalidade social**

.....

mesmo nivel cos bancos en todos os sentidos, tan só atopamos unha diferenza, esa función social.

Esta fame de beneficios podémosla apreciar no que está a suceder coas caixas galegas, Caixa Galicia (A Coruña) e Caixanova (Vigo). Se unha caixa non levara consigo a adquisición de poder político, social



ou económico, de verdade habería este problema que semella un conto sen fin? Esta fusión supón moito máis do que se podería supor, ou isto nos fan crer. A priori, a causa de buscar esta fusión sería por un lado, evitar a posible absorción dunha delas por outra caixa de maior entidade, cousa que xa sucedeu noutros casos; e que levaría a unha gran perda para o país galego, xa que levaría de Galiza uns dos sustentos desta, coma xa sucedeu con Endesa e Fenosa e parece que está a ocorrer con R. Por outra banda, formar unha entidade cun maior poder en todos os ámbitos e máis forte que poida sosterse cunha maior facilidade no mapa financeiro actual. Pero detrás de todo isto atopamos que se o partido político tal, que se é mellor para Vigo ou A Coruña, que cal das dúas caixas sae gañando, que se quen dirixirá a nova entidade, que se hoxe

.....

**Para o pobo**

**sen o pobo,**

**porque...**

**acaso contan**

**con nós?**

.....

si é mañá non,... demasiados intereses para poder chegar a unha solución.

Non é a primeira vez que ten lugar unha fusión na nosa cidade. O Banco Simeón, que foi fundado en Vigo durante a primeira parte do século XX, foi absorbido polo Grupo Ibérico anos antes do comezo do novo milenio, e posteriormente foi tomado definitivamente pola Caixa Geral de Depósitos, que é o banco do estado portugués. Casos coma este ou os das empresas xa mencionadas son exemplos de que o que está a ocorrer non é cousa dun día, nin é unha tontería

En definitiva, os cidadáns non temos nin idea do que se está a mover neses despachos. Coma se soe dicir, para o pobo sen o pobo, porque... acaso contan con nós?

*Suso Conde*  
2º Bach.- B



# Que che dixo a xente sobre a universidade

**D**urante o derradeiro curso no instituto, todos tivemos que soportar a continua alusión dos nosos queridos profesores á selectividade; non obstante, poucos eran os que nos falaban sobre o que pasaría despois de superar a temida proba.

No instituto tan só nos advertían de que na universidade non íamos estar tan “vixiados”, os profesores deixaríannos organizar o estudo ao noso xeito e non estarían detrás de nós intentando que estudásemos ou que fixésemos os traballos... tratábase dunha chamada desesperada á nosa madurez. Mais resultou que co marabilloso Plan Boloña a universidade converteuse nun grande instituto no que os profesores seguen a perseguirnos polos corredoiros para darnos cos libros na cabeza coma se tivésemos 14 anos. Queda xa moi lonxe aquela utópica “vida universitaria” na que os estudantes pisaban as aulas de cando en vez, rañaban a barriga todo o curso e

.....  
*Co marabilloso*

*Plan Boloña*

*a universidade*

*converteuse*

*nun grande instituto*

*no que os profesores*

*seguen a perseguirnos*

*polos corredoiros*  
.....

logo agochábanse na biblioteca un mes antes dos exames mentres se intoxicaban a base de *Redbull* ou sucedáneos. Os que comezamos este ano a universidade, con excepción duns poucos elixidos que aínda entraron co plan vello, atopámonos de socato no Reino dos Parciais. Certo é que aínda queda por aí algún que outro profesor reacio aos cambios que mantén o sistema antigo dun só exame ao final do cuadrimestre, mais os que fan isto sempre adoitan adornalo cun par de traballións adicionais que non te deixan nin durmir polas noites.

Na casa sempre me tiñan dito que a universidade era “outro mundo”, que alí comenazaría a estudar de verdade e tería que facerme máis responsable. Cando escoitaba a miña nai dicirme que o próximo curso tería que estudar aínda máis, quitábanseme a ganas de traballar e o único que me pasaba pola mente



.....  
*As boas amizades*

*permanecen aí*

*esperando a que teñas*

*un oco libre*

*para dedicarlles.*  
.....

.....

## *A universidade*

*é unha etapa máis*

*da vida*

.....

era: "Veña, Sariña, aproveita agora que podes, sae de parranda e xa estudarás mañá". Por sorte, a presión dos últimos exámenes e a proximidade das PAAU conseguiron que non seguira ese primeiro impulso e me centrara nos estudos ese último mes sen pensar moito no que me esperaba tras a selectividade.

Outra das teorías que podemos escoitar sobre o que supón a universidade é aquela que presupón que este cambio conleva tamén mudar de amizades. Fora onde fora sempre



.....

## *O cambio*

*non vai*

*máis aló*

*dos múltiples*

*horarios existentes*

.....

había alguén que me dicía que na universidade é onde se fan as mellores amizades e que as que xa traía feitas do instituto se irían desfecendo pouco a pouco sen nin sequera decatarme. Teño que confesar que isto era unha das miñas preocupacións principais ao abandonar o Santa Irene. Ese verán falei moito diso coas miñas amigas, sobre todo coas que ían marchar fóra estudar, e, aínda que todas estabamos de acordo en seguir quedando todas as fins

de semana que puidésemos, eu sempre crin que do dito ao feito hai un bo treito e que unha vez que comezamos as clases e fixésemos novas amizades esqueceríamos pouco a pouco ás vellas. Por sorte non ocorreu nada diso, está claro que non é o mesmo botar unhas risas cos teus amigos todas as mañás que quedar de cando en vez, pero as boas amizades permanecen aí esperando a que teñas un oco libre para dedicaralles.

Ao chegar por fin á universidade, deime de conta de que as cousas non eran exactamente como me dixeran. Nin estudo máis que no bacharelato nin teño máis liberdade para organizar o meu tempo e aínda menos puxen punto e final as amizades que fixera no instituto. Os profesores equivocáranse, meus pais tamén... e incluso eu mesma. A universidade é unha etapa máis da vida académica, para uns máis diferente que para outros, pero en definitiva o cambio non vai máis aló dos múltiples horarios existentes e da dúbida, si dúbida comida dos comedores.

*Sara Collazo Álvarez*  
(Exredactora)



## Os máis buscados

### ALFONSO SOUSA

**ALIAS:** Electrón/ Formiga atómica

**PROFESIÓN:** Físico que todo o sabe

**OBXECTIVO:** Selectividade

**CURIOSIDADES:** Entre as variadas actividades do noso "FÍSICO" podemos destacar á sarta de frases adquiridas ao logo dos seus moitísimos anos, ata poderíamos facer unha biblia con elas. Máis adiante leredes as máis increíbles deste curso. Entre os seus gustos destacamos a botánica, de feito o seu despacho está cheo de plantas e tamén hai ata bechiños, así coma unha cafeteira que desprende o seu olor natural (o de Sousa), iso si, é un home que se preocupa polos seus alumnos, xa que dá consellos tan útiles coma cubrir todo o corpo con papel de aluminio os días de tronada. Ninguén sabe o que lle pasa pola súa cabeza e se garda algún tipo de sentimento no seu rancio corazón por alguén, ah si, pola física, a gastronomía e sobre todo polo seu amado café. O seu trastorno vén de máis atrás, xa que tiña que facer as contas numéricas á man. En xeral, podemos destacar a este apaixonado da física e das matemáticas por ser un fillo da... natureza, que pensabades que ía poñer? Pero iso si, é un bo profesor de física.

**RECOMPENSA:** 5 millóns de gramos de uranio 235.



### CHEMA, CHEMITA

**ALIAS:** Morgan Freeman

**PROFESIÓN:** Matemático filósofo

**OBXECTIVO:** Xa que o noso querido mestre di que somos animais que rumían, o obxectivo é claro, rumiar.

**CURIOSIDADES:** Grande entre os grandes, só quere que razoemos. É un gran amante das gráficas: rectas, parábolas, exponenciais, logarítmicas, hipérbolas, circulares... Coas que segundo el, podemos ver a "realidade". Un consello que dá el é que lle adiquemos polo menos dúas horas de estudo diarias ás matemáticas. Mostra un especial interese pola filosofía e pola historia, xa que sempre que ten oportunidade abráianos cos seus coñecementos sobre ditas materias. Finalmente dicir que é un home que adora as compostura e a orde. Moitas grazas Chema.

**RECOMPENSA:** 8 millóns de límites con  $x$  tendendo ao infinito.





## RAMÓN "MONCHO" VIEITEZ

*ALIAS:* O "Pijo"

*PROFESIÓN:* Químico "tunteiro"

*OBJETIVO:* Ser mellores ca media, xa que os alumnos que chegan ao bacharelato son os mellores. Cómpre destacar a súa curiosa inxestión alimentaria, rica en ácido clorhídrico e fosfatos en xeral.

*CURIOSIDADES:* Interesado na política, historia, tecnoloxía e sobre todo en "tuentis" alleos, é un dos profesores máis carismáticos e estrambóticos do manicomio, ups!, quería dicir instituto, e entre as súas estrañas afeccións destacan por raras dar as clases acompañadas con vídeos de Amaral e vacilar aos alumnos. É un espectáculo de home, pero iso si, se necesitas algo, el sempre está aí e déixache calquera libro que precises, informacións sobre " cousas relevantes" e todos os compostos químicos que poidas imaxinar (os que lle sobran na cea).

*RECOMPENSA:* 7 millóns de mililitros de nada 0,5M.



## MONCHA DE MARÍN

*ALIAS:* Super Saiana nivel 3

*PROFESIÓN:* Filóloga e relatora da súa vida e no seu tempo libre substituta de Atenea no Olimpo.

*OBJETIVO:* contar a súa vida nas aulas, xa que esta é moi interesante.

*CURIOSIDADES:* Namorada da lírica e da literatura en xeral, non veremos esta muller triste nin compunxida, senón alegre e contando calquera anécdota da súa vida: bombeiros rescatadores da súa filla, noites enteiras de festa, tardes vendo o "Sálvame" para logo criticalo nas aulas, etc. Coma ela non hai ningunha e por iso é tan querida polos seus alumnos; con ela as clases son amenas, divertidas e sobre todo imprevisibles, xa que nunca podes predicir que marabillosa cousa pode chegar a pasar. Coidado con ela, é de todos os antes mencionados a máis perigosa, se algunha vez chegas a encontrarte con ela, escapa dela e o máis importante non te atrevas a escoitala, xa que as súas palabras poden chegar a provocarche lesións tales coma dor de mandíbula e dificultades para respirar, como consecuencia dunha risa prolongada e sen pausa, ou o que é moito peor, unha



exposición prolongada aos seus discursos e monólogos pode desencadear no teu interior unha terrible e pouco común enfermidade da que nin o doutor House podería curar, o amor pola literatura.

*RECOMPENSA:* 10 millóns de versos e rimas.

Sara Graña Barreiro  
2º Bach. E



e como axudante  
Iago Martínez González  
2º Bach. A



## Frases célebres 2009 • 2010

### Amparo

- La raza degenera y luego todos... mongolitos.
- Bendito fútbol, cuántas cosas nos enseña...
- Por eso yo paso lista, para no ir a la cárcel.
- ¿Qué quiero decir con todo esto? No lo sé.
- No te oigo porque hay interferencias.
- Métete en la mochila y ciérrate.

### Bernardino

- ¿Quen é o deus do botellón? Dionisio.
- Dá igual, estou barallando...
- Estamos narrando a historia duns tíos moi raros chamados filósofos.
- Chamábano “o escuro”, pero non porque fora de negro en plan emo.
- Xa che traerei a Sócrates para que o acaricies, a ver se te inspira.
- Os cínicos eran os hippies da época.
- Os valores son como os vasos, cada un úsase nun momento.


- Colle a tiza, métea un rato na boca e cala.
- ¡Non me mires, que me pós nervioso!
- ¿Que estás, invernando?
- O que temos é a Platón e Aristóteles na ola con salsa de fe.
- ¡Atendédeme, pecadores!
- Encima de friki, comparado con Sousa.

### Sindo

- Destes, como hai “cantidubidubidubi” deles...
- Aquí, en Madrid e na China de abaixo.
- ¿Como distingue un cego unha ría dun río? Polo sabor.
- ¡Iso non é celulosa, é merdulosa!

### Moncha

- Pero bueno, señora, ¡muérase ya!
- Rubén Darío era un borracho estupendo.
- El próximo día te traigo un Dodotis.
- ¿Quién le dice aquí al colega lo que es una tara?



## Ángel

- El otro día tuve una pelea con dos ocas...
- ¡Curucurucurú!
- Fue en 1992 y salió en la revista Nós, que cuadra en pareado.
- Si tengo morriña, llamo a casa y me desmorriño.
- Pajaritos de árbol al principio y murmullos de río de fondo.

## Nuria

- Somos bioquímica más afectos.
- La gente se hace mayor. La ropa, vieja.

## María Antonia

- Sois como flores de invernadero.
- La célula es muy riquiña.
- La vida es una chalada.

## Sousa

- Cuando un pajarito deja de volar, se acabó.
- Pasito a pasito, con mucho cuidadito.
- Entre rayita y rayita, había un centímetro.
- Diferencia es restar, claro, yo no soy tonto.
- No fallamos ni una, claro, ¿con quién? Con el señor Sousa.
- Alejándose, Alejándose.
- Si sabemos Física sabemos todo: Lengua, Gallego, Matemáticas, Inglés...
- Hoy no estoy en plan de mates.
- Ahora que trabaje el de mates, y los de física toman cafecito.

## Sara

- Eu marcho, estades mal da cabeza...
- Isto é unha guerra, a miña gorxa contra as vosas, evidentemente gañades vós.
- Tomade tila, somníferos, non sei, de todo.
- En que ano estamos.

## Chema

- Capítulo 142 de la telenovela de este año.
- ¿Quién es el más joven de todos vosotros? Yo.



Redacción Trégola

## As grandes respostas dos alumnos de bacharelato

- Os exipcios transformaban aos mortos en momias para que seguiran vivos. (Claro! Por iso aínda se rodan películas!)
- Os emperadores romanos organizaban combates de radiadores. (Quentiños os combates!)
- Clovis morreu ao final da súa vida (Inaudito o de Clovis!)
- Carlomagno fixo que o castrasen no ano 800. (Ai!)
- A mortalidade infantil era moi elevada, agás entre os anciáns. (Vaia potra tiveron os anciáns!)
- Os nenos nacían a miúdo á idade temperá. (?!?!)
- As nubes con maior carga de choiva son os grosos cunilingüis. (Con esas idades teñen as hormonas en revolución e iso ten que saír por algún lado!)



- China é o país máis poboado con mil millóns de habitantes por metro cadrado. (Claro, por iso son tan delgados todos!)
- Para conservar mellor o xeo, hai que conxelalo. (Como sabe todo o mundo!)
- O paso do estado sólido ao estado líquido chámase follificación. (Máis hormonas en eferescencia!)
- Un kilo de mercurio pesa practicamente unha tonelada. (Gramo máis, gramo menos!)
- A climatización é unha calefacción fría con gas, aínda que igual é ao contrario. (Vaia, perdinme!)
- Antigamente, os chinos non tiñan ordenadores e contaban coas súas bolas. (Home! Que habilidade!)
- As fábulas de "La Fontaine" son tan antigas que se ignora o nome do autor. (Mira ti!)
- Os pintores máis famosos son Mickey Ángel e Leotardo DaVinci. (A última de Disney! Mickey e o leotardo!)
- O can, ao menear o rabo, expresa os seus sentimentos como fai o home. (Por fin unha verdade!)
- Os caracois son todos homosexuais. (Algún ata saíu do armario e todo!)
- A alcachofa contén follas e pelos tupidos na parte de atrás. (Non me volven pillar comendo alcachofas!)
- O cerebro das mulleres chámase cerebelo(o plan de igualdade a tomar vento)
- Cogito, ergo sum: Collinlle todo o seu. (¿E tíñao grande?)
- O sal común: Ten un curioso sabor salgado. (Ummmm, xamais o tería imaxinado)
- Quevedo: Era coxo!, pero dun só pé.(Bufff, menos mal que nolo aclaraches )
- Os catro Evanxelistas: Eran 3: San Pedro e San Pablo. (4 en relixión, 0 en matemáticas)

*Estefanía Pereira Pinto*  
4º ESO B



## Ata sempre

Seis anos, seis anos levo no IES Santa Irene. É como a miña casa e non esaxero, xa que cada día entro nas súas dimensións, nun lugar onde podo ver un pequeno mundo. Como en cada casa, temos os nosos recunchos, as aulas, lugares onde pasei os nove meses de estadía no instituto. Alí vivín as emocións máis intensas, as máis divertidas e coma todo, algunhas tristes.

Un lugar coas súas escaleiras de mármore, cos seus aseos sen papel hixiénico, coa súa cafetería que parece un invernadoiro, co seu paraninfo... Todos estes longos anos aprendín algo diferente en todos os aspectos, tanto en madurez coma en coñecemento. Cada ano vivino coma unha loita para aprobar, ter boas relacións cos compañeiros e vivir algo que tivese na miña memoria, é máis, nunca esqueceré a cantidade de situación e momentos vividos.

E pensar que todo comezou no ano 2004, eu, unha nena de once anos, que lle daba vergoña ir polos corredoiros do Santa Irene por medo aos maiores, unha nena que non coincidiu coa xente coñecida na primaria, que non era unha grande estudante e pensaba que cada ano ía repetir pero que non o fixo, unha rapaza que aprendería dos seus erros e que coñecería grandes amigos que aínda mantén, ademais dos recordos que me levo, algo que nunca esqueceré son os profesores, un grupo de xente da cal aprendín cantidade de cousas e servíronme de inspiración para formar unha idea do meu futuro. Un exemplo claro diso son unhas persoas que razoan xenial ata o punto que as considero inimitables: Chemita e Fermín. Na historia levo os coñecementos aprendidos de Ana e mais Nuria, na química e física quedome con dous




homes moi..., moi... curiosos: Viéitez e Sousa, que clases máis divertidas pasei con eles. En galego a Sara, a paciencia en persoa, a Isabel, unha muller forte, e ó mellor profesor (masculino)do instituto, Sindo, as súas clases son as máis eléctricas, alegres e de vez en cando: NON TRADUZAS COÑO!!

Francisco en tecnoloxía, o mellor, M<sup>a</sup> Antonia e Catuxa as sen dúbida mellores en bioloxía, e, miña nai-ciña querida, esquecíaseme o meu ben querido Uxío, en ximnasia a Vicente e Manolo e que lle dean a Touza, en lingua castelá temos a Sofía, a muller dos “umm” e os “eh” e por último pero máis importante, a mellor profesora do mundo, dito de forma totalmente subxectiva, a máis apaixonada, a que mellor transmite nas súas clases, a que fai rir en cada momento, a máis alegre e xovial, a que sabe estar, a mellor, ela teno todo, e que despois de vivir tres xuventudes, segue coma sempre, MONCHA, quero ser coma ti. Grazas, grazas, grazas, grazas a [tod@s](mailto:tod@s). Cando entrei no centro soñaba con cumprir os 18 anos e ser libre, unha muller independente, maior; pero iso non é así, xa que crecer non é tan fácil como parece, e hoxe doume conta que o tópico “Que serei de maior?” tan só é un spellismo (esta frase díxoma Fermín). Finalmente despídome do instituto ao que nunca esqueceré e quen sabe se volverei algún día. Ata sempre, grazas.

Sara Graña Barreiro  
2º E Bacharelato



## U X Í O N O V O N E Y R A



### Outos vales, soutos e bouzas

### ¡Hora en que todo é unha soa cousa!

Este ano dedícanse as letras galegas ao escritor courelao Uxío Novoneyra, un dos maiores representantes da literatura galega do século XX.

Comecemos falando da súa vida.

### Vida

Novoneyra nace en 1930 nunha aldea do Courel (Lugo), lugar que xoga un importante papel na súa poesía.

A súa nenez e mocidade transcorren ao longo dun período de represión que máis tarde influiría na súa poesía cívica.

Será na súa aldea natal onde coñeza a María Mariño con quen manterá unha intensa relación sentimental que durará ata a morte da escritora e que deixará unha importante pegada na obra de ambos.

Estuda filosofía e letras en Madrid onde se forma culturalmente e conforma a súa ideoloxía. Alí tamén se mestura cun grupo de poetas galegos coñecidos como o grupo Brais Pinto.

Trátase dun ambiente de vangarda artística e preocupación socio política no cal os seus membros teñen como propósito dar a coñecer a cultura galega. Entre os persoeiros deste grupo atópanse o pintor Reimundo Patiño, o profesor Herminio Barreiro, o político Bautista Álvarez e os escritores Ramón Lorenzo, Bernardino Graña, Xosé Fernández Ferreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín.

En 1952 Novoneyra regresa a Galicia onde contacta con figuras importantes coma Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro e Carlos Maside, esenciais na conformación da súa obra. Esta influencia do galeguismo será o que o motive para escribir en galego.

En 1973 casa con Elvira Rei e ten tres fillos que seguen trala morte de Novoneyra co seu labor de defensa da terra galega.

En 1983, afincado en Compostela exerceu o seo labor como presidente da asociación de escritores en lingua galega.

Durante a súa vida dedicouse á reivindicación da lingua, da liberdade e da terra galega ata a súa morte no 1999 en Compostela.

Este autor está influenciado polo neotrobadorismo e destaca na súa poesía o fonosimbolismo polo que trata de recrear a natureza a través dos sons das palabras.



Con Manuel María e María Mariño



### Obra

Entre as obras máis relevantes de Novoneyra encóntranse “Os Eidos” (1955) e “Os Eidos 2” (1974) nas que desenvolve temas paisaxísticos e existencialistas. “Os Eidos II” contén entre outros poemas “Letanía de Galicia”. A súa produción abarca tamén poemas caligráficos vinculados á vangarda do grupo Brais Pinto e obras de temática intimista como “Muller pra lonxe”.

Ao final da súa vida, cultivou o ensaio en “Dos soños teimosos” e fixo literatura infantil e xuvenil en obras coma “O cubil do xabarín” ou “Gorgorín e Cabezón”.

Tamén cabe destacar a gran cantidade de poemas publicados en xornais e revistas.

Redacción Trégola  
1º de Bacharelato

Reivindicación da lingua,

da liberdade e da terra



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS • 2010

.....  
*Contacta con figuras importantes*

*coma Otero Pedrayo,*

*Ramón Piñeiro e Carlos Maside*  
.....



### **Letanía de Galicia**

GALICIA digo eu ún di GALICIA  
GALICIA decimos todos GALICIA  
hastr'os que calan din GALICIA  
e saben sabemos

GALICIA da door chora á forza  
GALICIA da tristura triste á forza  
GALICIA do silencio calada á forza  
GALICIA da fame emigrante á forza

GALICIA vendada cega á forza

GALICIA tapeada xorda á forza

GALICIA atrelada queda á forza

libre pra servir libre pra servir

libre pra non ser libre pra non ser

libre pra morrer libre pra morrer

libre pra fuxir libre pra fuxir

GALICIA labrega GALICIA nosa

GALICIA mariñeira GALICIA nosa

GALICIA obreira GALICIA nosa

GALICIA irmandiña

GALICIA viva inda

recóllote da TERRA estás mui fonda

recóllote do PUEBLO estás n'il toda

recóllote da HISTORIA estás borrosa

recóllote i érgote no verbo enteiro

no verbo verdadeiro que fala o pueblo

recóllote pros novos que vein con forza

pros que inda non marcou a malla d'argola



pros que saben que ti podes ser outra cousa

pros que saben que o home pode ser outra cousa









sabemos que ti podes ser outra cousa

sabemos que o home pode ser outra cousa

## Trégola cumpre









Como pasa o tempo... Hai 4 lustros un profesor de galego dunha idade incerta que leva tres anos sen fumar decidiu animar o panorama cultural do Santa Irene e fundar un clube selecto no que as mentes máis privilegiadas do centro puidesen reunirse e compartir opinións sobre a situación política e cultural do país. Parece idílico, e o certo é que isto está un pouco lonxe da realidade. O lugar paradisíaco non é máis que un zulo de 2x2 no soto do ins-



## catro lustros

tituto cunha ventilación escasa e cheo de trapalladas (grazas, filósofo anónimo). ¿Alguén se lembra do primeiro número da revista? O benquerido “Can de Palleiro” ideouse e creouse a partir das ideas duns visionarios, dunhas persoas que tiñan unha concepción realista do mundo que os rodeaba, lonxe dos convencionalismos propios da época, e que pretenderon denunciar as inxustizas sociais existentes. ¿Cres que es un deses? ¡Apúntate e demóstrao!



## Despedida da Promoción

**A**lgúns veñen e outros van, coma nós; xa que tras seis anos, como é no caso de algúns, abandonamos o lugar dos “soños”. Tras este intenso ano, pero breve; no que tiveron lugar numerosas cousas, boas e

malas, mellores e peores. Pero xa remata, non hai tempo para máis; é o momento de finalizar unha etapa da nosa vida, e comezar un futuro incerto pero esperanzador.

Uns seguirán en Vigo, outros tomarán camiño cara



*2º Bacharelato -A*



*2º Bacharelato -B*



*2º Bacharelato -C*

## 2004 • 2010

Santiago, mesmo cara fóra de Galiza. Pero todos nós compartiremos a imprudencia da novidade, a inxuedanza do descoñecido. Un mundo novo, un mundo alleo a nós. Que sen ningunha dúbida terá todos os ingredientes para ser a mellor etapa da nosa vida.

Grazas a todos aqueles que formaron parte destes anos, tanto compañeiros coma profesores. Seguro que este sentimento é recíproco. Con moito agarimo, despedímonos.

¡Ata sempre!



2º Bacharelato -D



2º Bacharelato -E



2º Bacharelato Adultos

*Primeiro premio de narrativa categoría B  
(4º ESO e Bacharelato) do certame literario*

*Letras Galegas 2010 – Santa Irene*

## • O segredo de Lady Bathory •

A dama observaba a lúa a través da gran cristaleira do seu cuarto. A lúa esta chea, e aquela noite era escura e fría. Case non había estrelas, e tampouco ningunha nube. Ao lonxe erguíase unha gran columna de fume, que tecía invisibles cadros sen marco no firmamento.

A muller levaba un longo vestido vermello moi elegante, aínda sendo media noite. Non, non tiña ningunha festa a aquelas altas horas, a pesar do seu título. Era condesa. A condesa Elizabeth Bathory, aínda que moita xente discrepaba disto. Lady Elizabeth casara cun acaudalado home maior ca ela, o conde Benxamín de Grisón. Víaselles moi contentos, se ben algunhas doncelas da Casa afirmaban que non se frecuentaban moi a miúdo e que mantiñan conversas breves e frías. Medio ano despois da gran voda, onde se derrochou unha fortuna entre a cerimo-

nio, o banquete e os invitados, na mañá do quinxésimo aniversario do conde, cando a doncela subía para levarlle o almorzo ao seu dormitorio, atopouse cunha escena aterradora: a habitación estaba totalmente irrecoñecible. O dosel da cama ondeaba rañado en varios retalos por causa do vento, que entraba en escena a través dos cristais rotos do gran ventanal. Á súa vez, as cortiñas no chan conducían ao centro do suceso: sobre a cama, e empapado en sangue, atopábase o corpo xa sen vida do conde de Grisón.

Durante todo ese día investigadores privados percorreron a gran mansión e interrogaron a todos os alí presentes, dende servos ata doncelas, incluída a viúva. Non se encontrou ao culpable do homicidio, do cal xa hai dez anos, e Elizabeth é dende aquela a condesa de Grisón. Un dato curioso dela, e que todos, entre os cales a servidume deu fe, foi que a condesa só vestiu de negro durante un corto período de tempo e cambiou o seu apelido de casada polo de solteira, Bathory. Ademais, comentábase que mantiña un romance cun xove da súa mesma idade, pero nunca se puido chegar a demostrar.

A condesa sorriu mentres recordaba a morte do seu esposo. Entrou na habitación, colleu un abrigo e botouno sobre os ombros. Baixou as escaleiras co seu típico porte maxestosos ata o vestíbulo, e abriu a porta que conducía ao exterior.

—Vou dar un paseo polos xardíns —díxolle ao seu mordomo.





Este non se sorprendeu, nin sequera parou no seu labor de limpar os xerros de porcelana china. Aquel home era extraordinario; non importaba a hora do día ou da noite, el sempre estaba esperado para o que fixera falla. Foi este dato o que sorprendeu aos investigadores, posto que o mordomo dixo que non escoitara ruído ningún a noite do homicidio, excepto un suave bater de ás, alí pola unha da madrugada.

Dende había uns anos a condesa practicaba eses paseos nocturnos polas súas fincas. A finalidade destes era manterse sempre xove e fermosa, e xa levaba así 154 anos. O ritual parecerálle noxento ao principio, pero era a súa única solución para manter alonxado ao paso do tempo e as súas consecuencias.

Camiñou pausadamente polo carreiro de pedra entre os xardíns iluminado polos farois acesos. Subiu o colo do abrigo; aquela noite era especialmente fría e húmida. Rodeou a fonte e entrou no labirinto. Coñecía de memoria, pois

cada noite de paseo íase adentrando pouco a pouco nel ata que o percorreu e apendeuno enteiro. “Dous á dereita, un á esquerda, tres á esquerda...”, a condesa repetía o camiño que a levaría a un pasadizo segredo no centro do labirinto. Descubriuno cando xa coñecía o primeiro, e propúxose entrar nel cando estivo completamente segura.

Accionou a panca que abría a porta ao pasadizo, o brazo dun antigo anxo de pedra. O solo tremeu baixo os seus pés e unha trapela detrás da estatua abriuse, despendindo o seu coñecido e nauseabundo fedor a mofo e podredume. Baixou unhas deterioradas escaleiras de pedra matizadas con pinceladas de musgo e terra e atopouse ante o escuro corredor que vira a primeira vez que chegara alí. Cal foi a súa sorpresa ao descubrir que ese pasadizo era outro labirinto. Tardou bastantes noites en aprendelo de memoria e, algunha vez que outra, confundía os camiños dun cos doutro. Eses pasadizos percorrían a Casa por



embaixo, pero ademais había un que conducía ao exterior da mansión, e polo cal desaparecía para practicar as súas saídas nocturnas das que ninguén sabía nada.

Esta noite non foi diferente. Lady Bathory colleu languidamente un candil que agochaba xunto ás escaleiras, prendeuno e atrevesou o labirinto subterráneo. Chegou a unha subida onde había unha porta de ferro e antes de abri-la pensou unha vez máis que quizais non era necesario facelo, non polo menos con aquela persoa, pero non lle quedaba outra opción. Agarrou o enferruxado picaporte e empurrou. Os goznes chirriaron mentres o mecanismo esvaraba polo solo enlizado.

Atopouse nunha calella deshabitada. Unha ráfaga de aire frío golpeoulle a cara. Saíu sinuosamente do pasadizo e volveu pechar a porta de ferro oxidada. Camiñou sen rumbo fixo polas rúas, como se buscara algo... ou alguén.

O mozo camiñaba cara o lugar de encontro. Sabía que chegaba tarde pero non puidera facer nada para chegar antes. Tiña un mal presaxio, aínda que non sabía por que. De súpeto veulle á mente a última conversa que tivera coa persoa que ía ver, a súa amante: “Quizais deberíamos deixalo... Se de verdade me queres, ven verme esta media noite ao Cruce do Bufón”. Non sabía o porqué de que unha persoa tan rica como era ela non o mandara ir á súa mansión para falar. Aínda así, alí estaba; pero no cruce non habían ninguén. De súpeto, unha man pousóuselle no ombro. O xove, sobresaltado, virou bruscamente. O seu rostro relaxouse ao ver quen era o que o asustara dese xeito.

—Viñeches. Iso quere dicir que... —pero nunca rematou a frase. A muller púxolle un dedos nos beizos e fíxoo calar.

Sorriu e, ao facelo, deixou ver uns brancos e mortais cairos. O mozo intentou fuxir ao ver esa terribre imaxe, pero xa era tarde. A man da moza agarraba fortemente o seu brazo. Se naquel momento o home atendera á verdadeira expre-



sión da rapaza, percibiría un toque de mágoa e dor no seu intemporal rostro. A muller adiantouse lentamente buscando a gorxa do seu amante, e cando a atopou, deixou nela o seu agasallo de despedida.

Despois separouse del e abandonouno todo ensanguentado ao pé da estatua que había no cruce, muda testemuña do suceso. Posou os seus labios na fría fronte do rapaz, deixándolle o seu derradeiro bico. Deu media volta e desapareceu na noite, fundíndose coas tebras. Mentres camiñaba, sentiu unha dor punzante onde antes tiña o corazón e preguntouse por que aquela vez non fora coma as outras: cando matando toda aquela xente, incluído o seu defunto home, non sentira eses remorsos, pero agora... Tal vez xa era hora de envellecer. Ese pensamento fíxoa amosar un pícaro sorriso. Acaso estíbese a volver sentimental? Desbotou rapidamente ese pensamento. “O poder non é para os febles”. E seguiu camiñando mentres pensaba na súa próxima vítima.

Cando xa non se oían as pisadas da muller, un home saíu do seu agocho detrás dun muro. As súas sospeitas eran certas. Agora tiña que regresar, aínda lle quedaban por limpar dous xerros de cerámica china.

APOLO

*Miguel Alexandre Ramos Docampo*

2º Bach E

*Primeiro premio de comic categoria B  
(4º ESO e Bacharelato)*



Laura Merens Vázquez

2º Bach D

## Da inspiración e outros asuntos

### AMIGOS:

Quen non probou a escribir un best seller algunha vez? Quen non tratou de pintar un cadro e se quedou con catro liñas mal debuxadas que intentou vender como arte surrealista sen éxito? Quen non se puxo nunca ante un piano e rematou tocando todas as teclas, unha detrás doutra? Nunca vos preguntastes que vos separa dos artistas máis famosos? Nunca quixestes ser un deles?

Pois si, amigos, quen non soñou algunha vez con dar un concerto nun gran auditorio, con asinar libros ou con vender cadros? Quen non pensou en como sería a súa vida se puidese vivir da súa creación artística? O certo é que unha vida así sería moi cómoda e pracenteira, pero non é doado chegar a ser un artista importante.

Pode que vos contasen que para chegar a ser un artista famoso hai que ter estudos, moverse nun ambiente culto e outras moitas cousas. Sabedes que? Iso é completamente prescindible. Para chegar a ser recoñecido como artista hai que ter sorte. Sorte en que? Sorte para que a inspiración che faga unha visita.

Pero, que é a inspiración? Segundo unha boa amiga miña, a inspiración ten un nome distinto segundo quen o pronuncie. Ela chámalo "ganas de debuxar", outros chámano "arrebato creativo", para min é a música, pero seguro que nunca se chamará "ganas de estudar"


Nunca pensastes nela? Pode que non a vexamos, pero sempre está aí, espreitando a nosa vida e agardando a que esteamos realmente ocupados para asaltarnos. Parece mentira, pero é certo: a inspiración sempre aparece no momento máis inoportuno. Como a diarrea, vamos. O peor de todo é que nunca sabemos canto nos vai durar un arrebato creativo. Horas ou minutos? Días ou segundos? É impredecíbel, como a vida mesma.



***A inspiración***

***sempre aparece***

***no momento máis inoportuno.***



Porén, que podemos facer para atrapar a inspiración? Non podemos metela nunha botella de auga e sacala cando a precisemos. Non funciona así. As musas só se presentan cando queren, cando teñen un rato libre e non teñen que facer. Apolo só nos visita cando lle apetece:



***O que precisas para ser artista***

***é sorte***



grandes obras quedaron inconclusas pola falta de inspiración e moitas pequenas fixéronse famosas grazas a ela.

Agora vén a pregunta máis importante: como podería rematar este artigo? Lelo é moi doado, pero escribilo é máis complicado. Sabedes que boto en falta agora mesmo? A inspiración. Que paradóxico, falar da inspiración e non ser visitado por ela...

*Alejandro Comesaña Ferreira*

2º Bach C



## 9 ou 10

O mestre metía os últimos trebellos na súa carteira de coiro.

Primeiro o libro de texto, logo a libreta, e no medio, con coidado de non dobralas, algunhas follas. Despois, o lapis do carpinteiro, o boli azul, e o boli vermello, que ían ao estoxo. De esguello vía ao rapaz achegarse pouco a pouco, indeciso, tímido... mesmo con certo amaneiramento. E mentres, o mestre sentía o tacto do vello coiro, e logo o frío metal para oír despois un “clash”. Son as voces dos alumnos recollendo, as mesas e cadeiras arrastrándose ou o timbre ao fondo, non. Oía o “clash”, e o “clash” significaba que nuns minutos estaría tirado no sofá.

Mais o rapaz xa chegara ata a mesa e estaba a dicir algo:

— ... e entón quedame unha media de 9,2, pero...

Pensou o mestre no seu sofá. Tiraríase nel, e o marmurio da radio ou da tele xunto ao seu estómago acabado de encher axudarlle a quedar alí, medio durmido sen estado de todo, quentiño pero sen ter calor.

O alumno acabara de falar e o mestre tivo que facer un esforzo para recuperar as súas últimas palabras:

—... e como é a última avaliación, preguntábame que nota podería levar –dixera-.

Suspirou o mestre.

Posou de novo o seu bolso de coiro na mesa, premeu



no metal e oíuse un “clin”. O “clin” era moi distinto do “clash”. Mirou a ventá e tarareou para si “Fai un sol de carallo” mentres a súa man tanteaba a libreta dentro do bolso. Abriuna e o alumno dixo “Son Vázquez Abad, Jesús”.

Mirou primeiro as notas, e eran boas. Mirou logo as gafas grandes do pequeno raparigo.

E pensou:

Pensou en que o rapaz traballaba, atendía e estudaba, e quizais a súa nota podería marcar a décima de máis ou de menos que lle permitise facer a carreira que quixese.

Pesou que quizais este mesmo rapaz con estas mesmas notas levaría un 10 no ensino privado, e iso non era xusto.

E para rematar de decidirse pensou no seu sofá.

Evidentemente, non tiña por que pensar que ese rapaz acabaría sendo o conselleiro de cultura que máis afogase a súa materia.

Non tiña ningún motivo para pensar que nos periódicos de 15 anos despois aparecería:

O conselleiro Vázquez a Antón Reixa nun encontro: “En el instituto me pusiste un diez”. “Hai que fastidiarse”. Responde o intelectual.

*Xavier Blanco Cordero*  
2º Bach B



## Le plaisir de lire

Velaí vos van algúns libros elixidos meticulosamente por votación popular:

### O NENO DO PIXAMA A RAIAS

A familia de Bruno vese obrigada a abandonar Berlín cando ao seu pai o destinan para traballar no campo de concentración de Auschwitz. Bruno non pode crer que a súa nova casa só teña dous pisos, e que poida saír un sábado á rúa sen tropezar coa xente, como ocurría no seu barrio en Berlín, na súa casa de cinco pisos. Nun día de exploración coñece a un neno do outro lado da aramada, Shmuel, que leva un pixama de raias. Véndose ás agachadas, a súa amizade chegará tan lonxe que xuntos levarán a cabo a súa gran aventura, cun final dramático.

### MEMORIAS DE IDHÚN

É unha triloxía de libros de fantasía e aventura, onde Jack, Victoria e Kirtash están predestinados a cambiar o




destino de Idhún para sempre. Tralo asasinato dos seus pais, Jack é enviado a Idhún polo príncipe Alsan e o mago Shail. Alí entrénase día e noite para poder alcanzar o seu obxectivo: atopar ao último unicornio e ao último dragón. O que o rapaz non sabe e que ambos están máis cerca do que pensan.

### O MEU GATO ANGUS, O PRIMEIRO BICO E O PLASTA DO MEU PAI

É o primeiro libro da serie dos *Diarios de Georgia Nicolson*. O libro narra a historia desta rapaza, que se namora de Robbie, o Deus Sexy. Toma clases para aprender a bicar con Peter Dyer, experto no tema. Conseguirá Georgia o seu obxectivo pese a estar baixo a continua vixilancia de Bob, o seu pai, Connie, a súa nai, e Libby, a súa irmá pequena?





## O XABARIL BRANCO

Por Tucho Calvo, narra a historia dun rapaz que emigra a América. Polo camiño, namórase dunha rapaza, pero nunha expedición son atacados por uns indios e a rapaza é secuestrada. A moza será salvada, pero moitas máis aventuras lles esperarán a ambos, aventuras que rematarán cun final infeliz para o rapaz.

## O LIBRO DOS OUTROS

Vinte e unha historias asombrosas que supoñen unha excelente introdución á obra dun selecto grupo de autores de gran talento. Os protagonistas de cada relato son, na súa maioría, humanos, pero tamén hai un monstro cunha crises de identidade, un xigante que sofre por amor e un cachorro na búsqueda do seu fogar. Vinte e unha voces que falan de toda a sociedade.

## EN PRECARIO

É unha novela áxil e divertida que aborda o problema de milleiros de mozos e mozas que padecen a precariedade laboral e dos emigrantes que matan as horas de soledade nos chat ou nas páxinas de contacto. Unha historia de currantes que como non podía ser doutro xeito comeza na mañá dun luns.

## LINGUA DE CALIDADE

Esta obra pretende ofrecer algunhas receitas para deter o proceso de castelanización da lingua galega e para construír un idioma de calidade, unha lingua máis auténtica e con futuro. Inclúense tamén reflexións que pretenden fortalecer a autoestima lingüística.

## UNHA HISTORIA QUE NON VOU CONTAR

Esta obra é unha novidosa e intrigante narración protagonizada por un escritor que habita nun apartamento en plena Porta do Sol viguesa, fronte ao Sereo de Leiro. A partir dun suceso real que conmocionou ao Vigo dos anos 70, a novela arrastra ao lector por unhas páxinas ateigadas de intriga, de humor, de orixinalidade e de constantes referencias cinematográficas.

*Mercedes Martínez Lorenzo*

4º E.S.O. -A



*Primeiro premio de poesía categoría B  
do certame literario  
Letras Galegas 2010 – Santa Irene*

**Síntome soa nun mundo de xuntos**

Síntome soa nun mundo de xuntos.

Nun mundo de dúos, duetos, pares, parellas, bimestres, bienios.

De tríos, tercetos, trimestres, trienios.

De cuartetos, quartetas, cuatrimestres.

De quintetos, lustros, quinquenios.

De sexenios, sextetos, semestres.

De novenas.

De decenios, decenas, décadas, décimos.

De ducias.

De vintenas.

De trintenas.

De corentenas.

De centenas, centos, centurias e séculos.

Pero eu síntome soa.

Síntome soa nun mundo de xuntos.

Nun mundo de dobres ou duplos

De triples.

De cuádruples.

De quíntuples.

Pero eu só son un medio.

Un terzo.

Un cuarto.

Un quinto

E eu síntome soa.

“PEIXIÑOS”

*Aldara Cidrás Fuentes*

4º E.S.O. C

## O mundo dos sonos

Adicado a Moncha Fuentes

Unha vez existiu un mundo,  
onde vivían tódalas virtudes,  
onde non se podía pedir perdón,  
onde quen mandaba era a imaxinación.

Un artista naceu alí,  
outros miles despois del  
e logo dun tempo  
moitos millóns naceron.

Onde está agora ese mundo?  
Dime onde o perdemos.  
Por que todos marcharon?  
Dime porque xa non hai xenios.

Era un mundo perfecto  
e foise perdendo no tempo,  
se cadra foi culpa do vento  
ou quizais do noso pensamento,  
envenenado polas espiñas da rosa,  
da rosa que nos aparva,  
que non nos deixa soñar,  
se cadra o mundo era un soño  
e nos acabamos de espertar.

Pero se é así,  
de que nos serve vivir?  
Sabendo que todo o bo  
é un soño,  
que só vivimos para soñar.

Vouche responder amigo,  
vouno facer porque tes razón,  
vivimos para soñar,  
porque soñar é vivir  
e para vivir fai falta soñar.

Non importa que  
se perdese o mundo,  
pódelo recuperar,  
libera a túa mente,  
imaxina que podes voar.

Das cores do teu mundo  
teste que liberar,  
concentra a túa mente,  
loita e se valente,  
imaxina o mundo que perdistes.

Fíxate na moza da fiestra,  
esquece de que a coñeces,  
e mira a través dela,  
esquece que xa nada é virxe,  
ves a súa pureza?

A rosa do seu peito,  
ilumina todo o ceo,  
no que un elefante está voando,  
pero non o podes ver,  
os teus ollos o están tapando.

Recorda isto por sempre  
manteno sempre gravado,  
no momento que vexas o elefante,  
saberás que estás soñando.

Non te conformes con velo,  
vaite con el de viaxe,  
e non volvas nunca dese mundo  
sen probar a súa existencia.

Convértete pois nun artista,  
e pinta todo o que non se pode ver  
nunha simple fotografía.

*Iago Martínez González*  
2º Bach.- A



## Excursión de cuarto

Todos agardan a primaria e mais a secundaria en Estados Unidos para facer un baile de fin de curso cun mozo co que todas soñamos. Aquí, nestes lares, o que desexamos é facer unha viaxe ao remate da E.S.O.

Nós, os de 4º, xa tiñamos bastante claro que queriamos ir a Barcelona, aínda que non sexa a cidade máis incríbel e fascinante do mundo, era para todos economicamente accesíbel, parecéndolle á maioría un bo destino. O que nós consideramos un erro, máis tarde converteuse nunha boa elección: facer todo o traxecto en autobús.

Sáímos o día 21 do Santa Irene pouco antes de que comezasen as clases. Recordo as fermosas vistas do Ribeiro, e os últimos trazos de Galicia dende a ventá do bus. Paramos en Burgos, visitamos a súa fermosa catedral, cadaquén levando un anaco dela na nosa memoria.

Pasamos a primeira noite no hotel «Las Vegas», en Burgos. Chegamos cun aire de degoiro e fatiga ao tempo. Pero a cobiza puido connosco e o desexo de pasalo ben fixo que non durmísemos ata ben entrada a madrugada.

.....

*Recordo as fermosas vistas do Ribeiro,*

*e os últimos trazos de Galicia*

*dende a ventá do bus.*

.....

Ao día seguinte, pola mañá ben cedo, estabamos metidiños xa no bus, e chegamos a Barcelona pola tarde. Despois dunha inesquecible visita a «L'Aquarium», comezamos a *sentir* a viaxe. Realmente estabamos a 800 Km. dos nosos país, na outra punta do país, sendo para moitos a primeira vez nas súas vidas que respiraban o



aire catalán, con cartos, máis ou menos libres, e xunto cos nosos compañeiros.

Fomos cara o hotel de Barcelona, onde pasaríamos o resto da semana. Desfixemos a maleta, chamamos os nosos pais, amigos, mozos ou mozas,... Todos tiñan que saber as novas.

Os seguintes días, paulatinamente, ían a mellor. Quizais ao primeiro non nos gustou moito a idea de ir de museo en museo, pero mudamos de idea axiña. Mesmo quixemos botar máis e mais tempo no museo das ciencias! Que vimos? O MAC, o museo Picasso (para moitos, mellor que ir de compras), todo tipo de barrios con estilos arquitectónicos diferentes, a Sagrada Familia, o parque Güell, as Ramblas... Tantas cousas!

Por suposto, tamén fomos un día a Port Aventura. Os que mellor o pasaron foron os do pase VIP, afortunados sen colas. A gran maioría non o mercou, maila que tivesen que agardar unha hora e media, máis ou menos, por atracción. Sexa como for, todos coincidimos en que pagou a pena.

A viaxe de volta foi toda seguida, na que mercamos os "souvenirs" de última hora. A verdade é que todo ese tempo de traxecto pasan coma un lóstrego sen que te deas conta. Contando chistes, cantando, vendo pelis, falando ou escoitando música, é igual. Xunto coa xente adecuada (coma son os meus compañeiros), as horas semellan minutos.

Coma comentario de clausura, gustaríame aclarar que de Barcelona (uns máis, outros menos, pero ao fin e o cabo, todos) voltamos cun algo máis de cultura, de interese e mesmo de experiencia. Xa sexa pola pintura abstracta, pola arte moderna, gótica ou mesmo barroca, pola historia, a gastronomía, a lingua ou os costumes. Algo trouxemos, que non podemos tocar, ulir ou ouvir.



***Algo trouxemos,  
que non podemos  
tocar, ulir ou ouvir.  
Pero si podémolo  
agradecer.***



Pero si podémolo agradecer. Grazas a Fermín e mais a Carlos por facer desta experiencia unhas divertidas clases de luns a venres, por estar ao noso cargo as 24 horas do día, grazas a Chema por encargarse case de toda a organización, grazas a Touza, a Alfonso... A todos os mestres que estiveron pendentes da nosa excursión.

Pero tamén quero darvos as **grazas a vós, 4ºA, 4ºB e 4ºC**, por eses días xuntos, por facerme rir, por aquela noite na praia, por ser uns excelentes compañeiros de instituto e tamén de viaxe.

Porque eu endexamais esqueceré Barcelona. E vós, camaradas?

*Lucía Álvarez Rguez.*  
4ºA



## Os 60's, Que Gran Época

**A** miúdo sóannos moitas das cancións de Rock que aparecen nas películas de Hollywood ou cando por casualidade soan na radio cando imos no coche. Son cancións vellas ou desfasadas para algúns ou obras mestras para outros. Quizais sexa por escoitalas grazas aos nosos pais cando de pequenos poñían o reprodutor de vinilos mentres nós xogabamos tranquilos, que por iso nos soan estas composicións musicais.

Na década dos 60 levouse a cabo unha gran revolución musical no panorama mundial. Dende o nacemento do Rock & Roll na metade dos 50 tras a fusión do Country e o Blues (este último o máis presente na música dos 60), a música evolucionou a unha velocidade incríbel (en menos de 10 anos cambiou radicalmente a música pop). Formáronse incontábeis grupos que crearían escola: The Beatles, Cream, The Jimi Hendrix Experience, The Doors, The Rolling Stones, The Who, The Yardbirds, The Animals, The Monkees, The Kinks, The Zombies, The Mamas and The Papas... E así unha interminábel lista de grupos de rock nos que na maioría deles empezaban por "The". Tamén destacaron notablemente outros estilos coma o Soul (Percy Sledge, James Brown) ou o estilo forxado pola mítica "Tamla Motown" famosa por ser a responsábel da calidade musical de artistas coma os Jackson Five ou o magnífico Steve Wonder; tamén cabe destacar a importancia na xuventude dos 60 da canción protesta do xenial Bob Dylan (nas súas orixes folk e despois máis Rockeiro) e tamén a súa excompañeira Joan Baez (que recentemente actuou na nosa cidade), non hai que esquecerse de nomear o fenómeno de masas fundamental para os anos 60 que é o movemento Hippie, unha ideoloxía relixioso-músico-política totalmente antibelicista e pacifista co



himno de "fai o amor e non a guerra" (a maioría de grupos dos sesenta pasaron a súa etapa Hippie) que avanzou no campo dos efectos sonoros experimentando coas drogas (o que lle custou a vida a moitos dos grandes) conseguindo efectos coma o Delay, o Chorus, Wah-Wah e unha forte distorsión denominada Fuzz; e por suposto o Blues que na súa pura esencia ou modificado segue a soar e a influenciar a músicos desta e de posteriores épocas con xeniais interpretes deste estilo coma Janis Joplin ou tamén Jimi Hendrix que utilizando unha variante do blues e do rock moi eléctrico e psicodélico sería un dos precursores do Heavy Metal ao acadar unha potencia, distorsión, enerxía e carisma similares á deste posterior estilo dos 70.

O que quero reivindicar neste artigo é o recoñecemento da influencia desta música na que foi creada posteriormente; como acabo de dicir; Hendrix foi case o pai do Heavy Metal, xunto coa mítica canción dos Beatles: Helter Skelter (esta canción ten practicamente a mesma estrutura ca os temas deste estilo), ou tamén a canción My Generation de The Who foi precursora tanto para o



.....

**Na década dos 60**

**levouse a cabo**

**unha gran revolución musical**

**no panorama mundial.**

.....

Punk coma para un rock máis acelerado, e así en centos de artistas e miles de cancións. A música desta época marca un punto de inflexión no panorama musical mundial xa que os amplos festivais de Pop-Rock celebrados na década dos 60 influíron nos artistas das xeracións das etapas posteriores. Un exemplo é a música Techno actual, fixémonos na súa árbore xenealóxica, primeiro o Blues e o Country, logo o Rock and roll, o Rock máis duro ou Hard Rock, o Rock mod, e tamén a música Soul buscando novos efectos adatoouse ao uso do sintetizador, logo o pop moderno que utiliza o sintetizador para ritmos moi simples e a continuación a independencia deste

instrumento nos 80 creando este tipo de música centrada só en sons sintéticos saídos dun ordenador e posteriormente dunha mesa de mesturas.

E todo isto non ocorrería se os 60 non fosen un punto de inflexión no que se indagou, aínda que coa axuda de substancias estupefacientes, no terreo da busca de novos sons. E non podería rematar este artigo coa frase dos Hippies que presenciaron Woodstock: Paz, Amor... E Rock N' Roll !!!!!

*Gabriel Domínguez*  
4°C

.....

**My Generation de The Who**

**foi precursora tanto para o Punk**

**coma para un rock máis acelerado**

.....



## Instrumentos tradicionais galegos • pouco coñecidos

### AS TARRAÑOLAS




Son pezas de madeira rectangulares que se tocan colléndoas entre os dedos. Aparecen nas Cantigas do Rei Sabio e a súa presenza é constante na maioría dos folclore europeos.

### A OCARINA



É un pequeno instrumento de vento feito actualmente con distintos materiais como a cerámica, a madeira, o plástico e nalgúns casos raros, frotas. É un instrumento sen chaves, e con un rango dende dous buracos para presionar ata doce. Este instrumento volveuse popular en 1998 grazas ao videoxogo *The Legend of Zelda: Ocarina of Time*, e tamén porque en *Dragon Ball Z*, Tapion utilizaba a súa ocarina para conter ao monstro que dorme no seu interior.

### A CANAVEIRA



É unha cana de vasoira que ten unha lonxitude duns 60 centímetros e á que se lle abre unha fenda nas dúas terceiras partes. Suxeitándoa por onde a fenda remata, e batendo o seu extremo inferior no chan, produciremos o son do instrumento, parecido a un castaño. Emplegábase sobre todo como acompañamento de gaita.

### O ORGANISTRUM



*Organistrum construído na Universidade Popular de Vigo.*

As orixes deste instrumento non están claras debido ao esquecemento por mor do paso do tempo. Vén a ser en realidade o antepasado da zanfona. Aparece sempre con tres cordas, aínda que o número de teclas varía.

*Mercedes Martínez Lorenzo*  
(4ªA)



## Os deportes minoritarios

Cando prendemos o televisor e pomos os deportes podemos ver noticias futboleras, ás veces de fórmula 1 ou incluso de baloncesto, pero quédanse atrás persoas que conseguiron grandes vitorias para o noso país incluso a nivel mundial.

Estas persoas ao igual que Messi, Fernando Alonso e Paul Gasol teñen os seus duros adestramentos e esforzándose en cada segundo en chegar á cúspide da súa especialidade. Ademais teñen que traballar noutra cousa para poder pagar un fogar, a comida, as viaxes necesarias para ir ás competicións...

Pero, por que non son valorados os patinadores ou os xogadores de squash? A resposta é simple: porque hai menos afeccionados, e polo tanto moverán menos cartos... pero a partir de aquí xérase outra cuestión. Se se promovera algún destes deportes nos medios de comunicación coma o fútbol, chegarían a ter a sona que alcan-



zou este? A esta pregunta cada un dirá unha cousa diferente, así que quedará aberta.

Pero nesta sección tamén temos que mencionar deportes que non son federados e normalmente son practicados na rúa, como o *parkour* ou o *skate*, e cando chove non teñen tan doado o adestramento. Outros que tamén teremos que nomear son os mentais, coma o xadrez, que aínda que a moita xente lle pareza unha parvada están considerados como tal e non deberíamos menosprezalos.

Todos estes deportes minoritarios teñen en común que nos Xogos Olímpicos non participan, pero a esgrima, a natación sincronizada, a ximnasia rítmica.... Si que o fan, pero aínda así non teñen a capacidade suficiente como para que falen deles a diario.


Así que para todas estas persoas que non optaron por xogar no Real Madrid ou no Barça desgraciadamente só lles quedará a ilusión de estar no podio cunha medalla e cun trofeo e a satisfacción de ver o seu progreso.

*Uxía Alonso Cameselle*

4°C



## Pasatempos



### 1. SUDOKU

Podes completar o cadro utilizando a seguinte lenda:

- 😊 = O.O    😬 = --    😏 = :\$    😍 = :P    😘 = ❤️
- 😜 = <3    😇 = :)    😈 = :/    😊 = :D

A	B	M	A	N	O	L	O	X	F
C	O	A	N	A	L	D	D	A	D
O	C	G	A	A	N	M	T	M	S
N	S	D	E	N	E	I	A	E	I
C	I	A	T	R	M	J	J	A	N
H	C	L	N	A	I	O	I	S	D
I	N	E	E	C	L	L	E	I	O
T	A	N	C	N	I	E	I	M	H
A	R	A	I	E	O	S	C	S	G
X	F	H	V	E	O	N	I	V	A

### 2. Sopa de Letras

Localiza nesta sopa de letras o nome do persoal do instituto. Bule! Poden estar en vertical, horizontal, diagonal e incluso en ángulo!

### 3. Completa a canción

Fan dos Beatles? Seguro? Propoñémosche que completes esta canción deles. Pista: Se estudas no Santa Irene, sábela tocar coa fruta.

In the \_\_\_\_\_ where I was \_\_\_\_\_  
 lived a \_\_\_\_\_ who sailed to \_\_\_\_\_  
 and he told \_\_\_\_\_ of his \_\_\_\_\_  
 in the land of \_\_\_\_\_ [...]  
 We all live in a \_\_\_\_\_  
 yellow \_\_\_\_\_ . [...]

### 4. Solucións

**Sopa de letras:** Manolo, Sindo, Gavino, Fátima, Conchita, Francisco, Magdalena, Vicente, Encarna, Emilio e Ana.  
**Completa a canción:** Yellow Submarine.  
**Palabras:** town, born, man, sea, us, life, submarines, yellow submarine, submarine.

Mercedes Martínez Lorenzo

4ºA.



Grado en Administración  
y Dirección de Empresas

# BBA

Bachelor in Business  
Administration

1º Grado Oficial Privado en Galicia  
Grado en Administración e  
Dirección de Empresas

escuela de negocios  
**caixanova**



centro adscrito

Grado en Administración  
y Dirección de Empresas

# BBA

Bachelor in Business  
Administration

902 905 555

[info@enegocioscaixanova.edu](mailto:info@enegocioscaixanova.edu)

[www.bbaencaixanova.com](http://www.bbaencaixanova.com)

Outro xeito de  
vivir a universidade

\* Fotos reais de alumnos en instalacións da Escuela de Negocios

# Obradoiro Santillana

Proxecto A Casa do Saber.  
Adiante, esta é a túa casa



Proxecto **A Casa do Saber**

# NOVIDADES XERAIS

## NARRATIVA



NARRATIVA  
Cid Cabido  
*Unha historia  
que non vou contar*

*Unha historia  
que non vou contar*  
Cid Cabido



Kirmen Uribe  
*Bilbao-New York-Bilbao*

*Bilbao-New York-Bilbao*  
Kirmen Uribe  
Premio Nacional de Narrativa 2009



Vicente Araguas  
*Xuvia-Neda*

*Xuvia-Neda*  
Vicente Araguas




Luis Manuel García Mañá  
*O grito do Ipiranga*

*O grito do Ipiranga*  
Luis Manuel García Mañá



Teresa Moure  
*A intervención*


*A intervención*  
Teresa Moure



Marcos Calveiro  
*Settecento*

*Settecento*  
Marcos Calveiro

## FÓRA DE XOGO



*A cripta do apóstolo*  
Pere Tobaruela



*A viaxe do Ser*  
Manuel P. de Lis



*Dragal*  
*A herdanza do dragón*  
Elena Gallego Abad




*O pintor do sombreiro de malvas*  
Marcos Calveiro  
Premio Lazarillo 2009

## UN MISTERIO PARA TINTIMÁN



*Corazón de chocolate*  
*Un misterio para Tintimán  
en Compostela*  
Jaureguizar



*A coroa de Napoleón*  
*Un misterio para Tintimán  
na Coruña*  
Jaureguizar

**XERAIS**

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

